

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 14 DE FEBREIRO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Crespo Nogueira, Alba

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan a súa ausencia

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Estudantes

Diz Domínguez, Andrés

Herrero López, Yoguesvar

Lozano Ramírez, Amado Tierra

Valeiras Martínez, Ricardo Ignacio

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran á marxe, o venres 14 de febreiro de 2020, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2019.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2020/2021.
4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4º para o curso 2020/2021.
5. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2020/2021.
6. Aprobación, se procede, do límite de prazas por recoñecemento de créditos para o curso 2020/2021.
7. Aprobación, se procede, do cambio dos horarios nas materias de Historia da Arte Contemporánea e de Historia Contemporánea de España.
8. Aprobación, se procede, do cambio da data de exame da materia de Historia da Arte Contemporánea.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos validades na Comisión de Calidade:
 - 9.1. Inicio da elaboración do Informe de Revisión pola Dirección. Debate e suxestións.
 - 9.2. Documento das alegacións sobre o informe de revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de Grao e Mestrado para : Grao en Xeografía e Historia; Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural; e Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.
 - 9.3. Listaxe das accións formativas derivadas das necesidades detectadas para o PDI.
 - 9.4. Proposta da Fac. de Ciencias da Educación, relacionada co uso de espazos.
10. Aprobación, se procede, do cambio nos horarios da materia de Historia Contemporánea de América (4º curso)
11. Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2019.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Inicia a súa intervención informando sobre a xuntanza que tivo lugar co reitor e o vicerreitor de ordenación académica e profesorado en relación ao novo Grao en Relacións Internacionais, que terá carácter interuniversitario entre a Universidade de Vigo - Campus de Ourense e a Universidade da Coruña - Campus de Ferrol. Haberá dous anos comúns que se impartirán nos dous campus, contéplase a idea de que as mencións sexan distintas en cada campus. No caso de campus de Ourense, o grao non dependerá de ningún dos centros existentes, dado que se creará un novo centro. No campus de Ferrol, a Facultade de Humanidades será a encargada da xestión da titulación. A intención é darlle un carácter singular e por iso impartirase totalmente en inglés.

Os centros do campus de Ourense implicados son a Facultade de Dereito, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, a Facultade de Ciencias da Educación e a Facultade de Historia. Estes centros deberán propor materias con descriptor indicando a posibilidade que ten a área de impartilas en inglés. De non haber posibilidade por parte de área habería que contratar persoal. O prazo de entrega do citado documento é o día 27 de febreiro.

No seu día remitíuselle á vicerreitoría os documentos da Área de Moderna e de Contemporánea, agora abríase un prazo para que todas as áreas interesadas envíen suxestións coa información comentada. A Comisión está formada polo director da área de grao e por unha persoa da Universidade de Santiago de Compostela especializada en relacións internacionais que se tentara que sexa a decana comisaria para o centro de nova creación. Está participando tamén activamente na formulación do título o secretario xeral da UVigo. Outro proxecto futuro é montar dobres graos con esta titulación, pero haberá que esperar a que o grao estea implantado. En relación ao número de prazas fálase que se moverán nun intervalo de 45 – 60 entre os dous campus.

Comeza un turno de intervencións no que o profesorado manifesta as súas dúbidas. O prof. Julio Prada solicita máis información argumentando que non se pode lanzar, por exemplo, propostas de materias para un itinerario sen

saber cal vai ser o contido, incide tamén en que se debería saber se o tronco común está ou non pechado. É fundamental saber si esas propostas que hai que remitir son para materias básicas o para materias de especialización.

Susana Reboreda, toma nota das dúbidas formuladas e consultará coa Reitoría, enviará á lista do profesorado a resposta. Pensa que os dous primeiros cursos académicos están aínda sen configurar. Considera importante o papel que xogarán os catro centros do campus de Ourense, un dos aspectos quizais máis complexos será a posibilidade de impartir as materias en inglés.

Continúa o seu informe, explicando que se recibiu a verificación da Memoria do Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. O cambio obedecía a que inicialmente o citado mestrado dependía da Facultade de Historia e da Escola de Enxeñaría de Enxeñaría de Minas e da Enerxía, este centro manifestou o seu desexo de non figurar centro organizador o que derivou nun cambio na Memoria do título.

Publicáronse tres dos catro volumes relacionados co III Congreso Internacional da Auga que organizou a facultade, queda unicamente pendente o de Arqueoloxía, que está a piques de saír. Xa se están remitindo os libros aos autores e autoras. Cando estea o volume que falta realizarase unha presentación.

Estase a traballar na organización das III Olimpíadas Galegas de Historia, remitiuse a información aos Centros de Secundaria de toda Galicia. Solicitouse á Xunta de Galicia unha aportación económica de 3.000 euros. A Deputación de Ourense continuará colaborando nos mesmos termos das anteriores edicións, e pediuse colaboración ao Concello de Ourense, de momento está pendente de concretar. Tamén contamos co apoio de empresas privadas como por exemplo Coren, Auga de Sousas, Grupo Cuevas e a Editorial Galaxia. Realizarase unha convocatoria para solicitar, a través de Voluntariado, a colaboración no evento do alumnado e pedirase ao catedrático emérito Jesús de Juana que protagonice a fase final das Olimpíadas, igual que fixo o ano pasado.

Informa a decana que dentro do plan de captación de alumnado decidiuse reforzar o uso das redes sociais, consolidando así o labor divulgativo que de xeito desinteresando realizan a profesora Beatriz Comendador e a secretaria Josefina Cadilla. Con esta finalidade contratouse a Rosa Veiga, antiga alumna da facultade e profesional freelance, para que realice publicacións periódicas en Facebook, Instagram e Twitter e cree un canal de Youtube. O obxectivo é incidir en aspectos singulares do grao, como por exemplo as amplas ofertas de prácticas e mobilidade, ou o carácter diferenciador do noso título, sendo o único grao en Xeografía e Historia do noroeste peninsular.

Indica que os comezos sempre son difíciles, e a carga de traballo aumenta, por ese motivo, invita a tódalas persoas a que comuniquen os erros, que se detecten en redes sociais.

En relación aos orzamentos para o exercicio 2020, a Facultade sufriu unha importante merma económica, debido a unha diminución porcentual no orzamentos dos centros da Universidade de Vigo que no caso da facultade se veu gravemente prexudicada porque nas súas contas, dada a situación de compartir espazos por diferentes centros e titulacións, asígnase á Facultade de Historia o crédito do Edificio de Facultades e dos pavillóns 1 e 2 para xestión de edificios e de instalacións. Este aspecto prexudica de forma importante á facultade por ser un centro moi pequeno pero de forma artificial cun orzamento moi grande, crédito do que practicamente non pode dispor porque están xestionados directamente pola administradora de campus para mantemento e reparacións dos edificios citados anteriormente. Despois de varias reunións con membros do equipo de goberno da universidade acordouse coa Reitoría que parte do gasto que xeran as accións de captación de alumnado sexa asumida desde servizos xerais, dado que consideraban que non se podían modificar os orzamentos e facer unha excepción con un centro. Outro problema foi que dado que as contas se remitiron fóra de prazo, non se tivo en conta, á hora de publicar os orzamentos dos centros da UVigo, a distribución formulada polo facultade. É dicir, que a distribución do orzamento que figura na web da Universidade non se corresponde coa realidade.

Por último, informa de que despois de máis de dous anos de baixa por enfermidade incorporarse ao seu posto no negociado de asuntos xerais da Facultade de Historia a administrativa Mercedes Moure, unha vez que remate o período de vacacións.

3. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2020/2021.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4º para o curso 2020/2021.

As materias optativas máis votadas polo alumnado de 3º para cursar o ano que ven son as seguintes: *Historia das relixións*, *Historia contemporánea de América e Mentalidade, identidade e cambio social*; aparecerán por ese motivo na PDA. No caso da materia de *Mentalidade, identidade e cambio social* hai que poñela no primeiro cuadrimestre, para dese xeito crear os menos desaxustes posibles nos horarios.

5. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2020/2021.

Na PDA, no vindeiro curso académico asignáronse máis horas porque a materia de *Inglés para humanidades* solicitou ter 3 grupos. A profesora Beatriz Vaquero que en segundo curso renunciara a ter grupos, presentou a petición de recuperalos nas dúas materias de 2º curso. A profesora Elena de Uña solicita tamén tres grupos na súa materia de 1º.

Feitas todas estas aclaracións e reunidas as suxestións, apróbbase a PDA por asentimento.

6. Aprobación, se procede, do límite de prazas por recoñecemento de créditos para o curso 2020/2021.

O número de prazas por recoñecemento de créditos será de unha. Apróbbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do cambio dos horarios nas materias de Historia da Arte Contemporánea e de Historia Contemporánea de España.

Apróbbase por asentimento a proposta formulada, previamente consensuada co alumnado.

8. Aprobación, se procede, do cambio da data de exame da materia de Historia da Arte Contemporánea.

Apróbbase por asentimento a proposta formulada, previamente consensuada co alumnado.

9. Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos validades na Comisión de Calidade:

9.1. Inicio da elaboración do Informe de Revisión pola Dirección. Debate e suxestións.

A decana e o coordinador de calidade iniciaron a elaboración do IRD do curso 2018/2019. A metodoloxía será de continuidade con respecto aos informes realizados nos cursos anteriores. Solicítase por parte de Susana Reboreda e de Antonio Presedo a colaboración dos membros da Comisión, en canto a suxestións e a lectura dos borradores que se vaian enviando para a súa posta en común antes da aprobación do documento.

9.2. Documento das alegacións sobre o informe de revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de Grao e Mestrado para : Grao en Xeografía e Historia; Mestrado Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural; e Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

En relación á revisión voluntaria do IRD do ano pasado a presidenta indica que os contidos resultaron instrutivos, se ben no eran de gran calado. En relación a isto non se presentaron alegacións de relevancia. Pasa a explicar algunha das presentadas, sobre as que en ocasións o centro non pode actuar: por exemplo respecto ás prácticas das materias o alumnado expresa o seu desexo de que haxa máis horas nas materias, pero non é posible porque este cambio afectaría á Memoria do título.

Apróbanse por asentimento.

9.3. Listaxe das accións formativas derivadas das necesidades detectadas para o PDI.

Neste caso pídense tódolos anos suxestións para a realización de cursos que despois se pasan á Reitoría para a súa toma en consideración. Se presentan para validar as recollidas este curso que se pasarán a Área de Formación do PDI.

Apróbanse por asentimento.

9.4. Proposta da Fac. de Ciencias da Educación, relacionada co uso de espazos.

A Facultade de Ciencias da Educación, solicitou facer uso do espazo dedicado á Secretaría do Departamento de Historia, Arte e Xeografía a cambio de que o profesorado do noso centro poda utilizar o espazo común do que eles dispoñen no Pavillón 2.

Esta proposta foi amplamente debatida na comisión de calidade do día 11 de febreiro e acordouse a súa non validación e retirada da orde do día desta Xunta de facultade.

A profesora Beatriz Vaquero expuxo o mesmo argumento para que os membros da Xunta que non pertencen á Comisión de Calidade coñezan o problema que se xera: O traslado desa documentación é un tema moi delicado dado que non se pode proceder a traspasar todos o documentos porque no traslado, pódense producir perdas de gran valor. Non se deberían sacar a documentación desas dependencias sen antes pasar pola supervisión da arquiteira da universidade. Deberíase realizar unha valoración de fontes, valoración de series, e ver como se vai dixitalizar e todo sempre supervisado por persoal especialista na materia.

10. Aprobación, se procede, do cambio nos horarios da materia de Historia Contemporánea de América (4º curso)

Apróbase por asentimento a proposta formulada, previamente consensuada co alumnado.



11. Rolda de intervencións.

Non se presentan

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 h do día 14 de febreiro de 2020, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba